



EXCMO. CONCELLO  
DA  
ESTRADA  
(PONTEVEDRA)

**ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLO PLENO DESTE CONCELLO O 12 DE ABRIL DE 2012**

**LUGAR: CASA CONSISTORIAL DO EXCMO. CONCELLO DA ESTRADA**

**TIPO DE SESIÓN: ORDINARIA CONVOCATORIA: PRIMEIRA**

**SEÑORES/AS ASISTENTES:**

**GRUPO P.P.**

D. JOSÉ CARLOS LÓPEZ CAMPOS

Alcalde-Presidente

D. ALBERTO MANUEL BLANCO CARRACEDO

Concelleiro

DNA. AMALIA GOLDAR CORA

Concelleira

D. MIGUEL OSCAR RANCAÑO BRAÑANOVA

Concelleiro

D. MARÍA ÁNGELES PAIS CARBIA

Concelleira

D. JUAN MANUEL CONSTENLA CARBÓN

Concelleiro

D. JOSÉ ISMAEL PENA VILLAMOR

Concelleiro

DNA. MARÍA DEL CARMEN DURÁN LEA

Concelleira

D. NEMESIO IGNACIO REY PAZOS

Concelleiro

DNA. LUCÍA SEOANE ROSENDE

Concelleira

D. OSCAR ALEJANDRO DURÁN BARROS

Concelleiro

**GRUPO PSdeG-PSOE**

D. JOSÉ ANTONIO DONO LÓPEZ

Concelleiro

DNA. BELÉN LOUZAO VIEITES

Concelleira

D. MANUEL OTERO ESPÍÑO

Concelleiro

D. MANUEL SANMARTÍN OBELLEIRO

Concelleiro

DNA. M<sup>a</sup> MONTSERRAT MACEIRAS VICENTE  
Concelleira  
D. MANUEL PARADELA ABELLEIRA  
Concelleiro  
DNA. ANA ASOREY BREA  
Concelleira  
D. JOSÉ LUIS PICAÑO RIVEIRA  
Concelleiro  
D. GERMÁN GONZÁLEZ RODRÍGUEZ  
Concelleiro

GRUPO do BNG:

XOSÉ MAGARIÑOS MACEIRAS  
Concelleiro

SECRETARIO

D. JOSÉ NAVEIRA GONZÁLEZ

Na Casa do Concello, sendo as vinte horas e trinta e catro minutos do día doce de abril de dous mil doce, baixo a presidencia do Sr. Alcalde D. José C. López Campos, reúnese no Salón de Sesións o Pleno da Corporación Municipal, co obxecto de celebrar sesión ordinaria, constituíndose coa asistencia dos Señores arriba nomeados, dando fe do acto o Secretario.

A sesión celébrase previa convocatoria ao efecto dándose publicidade da mesma mediante a inserción dun exemplar da convocatoria e Orde do Día no Taboleiro de Anuncios e páxina web deste Concello.

Declarada aberta a sesión, polo Sr. Alcalde dáse comezo á mesma conforme á seguinte:

**ORDE DO DÍA**

\*\*\*\*\*

**A) PARTE RESOLUTORIA**

1º.-APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN PLENARIA CELEBRADA O 1 DE MARZO DE 2012.

2º.-APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN PLENARIA CELEBRADA O 13 DE MARZO DE 2012.

3º.-APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO DITAME DA COMISIÓN DE FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS RELATIVO A RECLAMACIÓN CONTRA O ORZAMENTO MUNICIPAL PARA O EXERCIZO 2012

4º.-APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO DITAME DA COMISIÓN DE FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS RELATIVO Á APROBACIÓN DEFINITIVA DO ORZAMENTO MUNICIPAL PARA O EXERCIZO 2012

5º.-APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO DITAME DA COMISIÓN DE FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS RELATIVO A RECTIFICACIÓN DO ACORDO PLENARIO DO 1 DE MARZO DE 2012 DE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL DA TAXA DE RECOLLIDA E TRATAMENTO DE LIXO

6º.-APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO DITAME DA COMISIÓN DE RURAL E MEDIO AMBIENTE RELATIVO A DEVOLUCIÓN DE GARANTÍA DO CONTRATO DE CONCESIÓN ADMINISTRATIVOVA NO ALBERGUE DE SABUCEDO

## **B) PARTE DE CONTROL DA XESTIÓN**

7º.- DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DITADAS NO PERÍODO COMPRENDIDO ENTRE O 1 E O 29 DE FEBREIRO DE 2012, ÁMBOLOS DOUS INCLUÍDOS.

8º.- ROGOS E PREGUNTAS.

## **A) PARTE RESOLUTORIA**

### **1º.-APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN PLENARIA CELEBRADA O 1 DE MARZO DE 2012.**

*Sr. Alcalde: Boas noites e benvidos á sesión ordinaria do pleno do mes de abril. Antes de nada espero que o novo salón de plenos este a gusto de todos e que aquí poidamos seguir debatendo e traballando en prol dos intereses da Estrada e espero que se hai calquera incidencia ou calquera problema que se pode producir evidentemente e calquera cousa que sexa mellorable , pois debemos de traballar na mellora sobre todo para favorecer o debate entre os grupos políticos que sexa en beneficio de todos. Así que espero que sexa do agrado de todos e que todos nos encontremos cómodos procedemos e empezamos xa co orde do día, ca parte resolutoria desta orde do día*

Polo que respecta á acta da sesión plenaria do 1 de marzo de 2012, aprobese por unanimidade. Ordénase polo Sr. Presidente a súa transcripción ao Libro de Actas segundo dispón o artigo 110.2 do ROF.

**2º.-APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN PLENARIA CELEBRADA O 13 DE MARZO DE 2012.** Aprobese por unanimidade a acta da sesión plenaria, celebrada o día 13 de marzo de 2012. Ordénase polo Sr. Presidente a súa transcripción ao Libro de Actas segundo dispón o artigo 110.2 do ROF.

### **3º.-APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO DITAME DA COMISIÓN DE FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS RELATIVO A RECLAMACIÓN CONTRA O ORZAMENTO MUNICIPAL PARA O EXERCIZO 2012**

A Sra. Louzao Vieites inicia o debate:

**Sra. Louzao Vieites, do PSdG-PSOE:** Ben, agardabamos efectivamente unha intervención do señor concelleiro de Facenda, pero ben, en vista de que non a hai, nós si que a vamos a facer e a vamos a facer por varios motivos. Un, porque, como xa manifestamos na comisión na que se tratou este asunto, o noso voto non vai ser favorable ó ditame; non vai ser favorable ó ditame proposto polo concelleiro por varios motivos, eses motivos son que entendemos que os traballadores e traballadoras deste concello teñen que ter igualdade de trato, igualdade de trato posto que todos desempeñan unhas funcións para as que gañaron unha praza ou foron contratados despois dunha oposición na que desenvolveron as súas capacidades. É máis, existe a reclamación dunha traballadora que di, e así o informa o seu superior no departamento, realizar funcións propias dun posto superior o que ten na praza gañada; por tanto estas funcións, reafírmome, son encomendadas polo propio departamento, e dicir, funcións superiores ó seu posto encomendado desde o propio departamento ó que está adscrita, fai que se plantexe esta solicitude por parte da traballadora e hai varias opcións para atendela. Varias opcións que este goberno non tivo en conta. Unha é evidentemente a existencia dunha RPT, unha RPT que, como vostedes recordarán (o señor alcalde sobre todo) na lexislatura pasada se consensou cos traballadores, se consensou cos sindicatos e existía un acordo; sen embargo, non houbo apoio no pleno para poder sacala adiante. Polo tanto, carecer desa RPT hoxe en día implica que tódolos traballadores debían estar cobrando retribucións polo posto que están desempeñando e iso non sucede neste concello. Porque existe precedente no que na actual lexislatura o goberno, o equipo de goberno, tratou discriminatoriamente, favorable, neste caso, a unha traballadora con respecto dos demais e incluso a un grupo, a un colectivo de traballadores. Polo tanto, valéndose o goberno de que existen contradicións dos informes, de que existen argumentos interpretables, rexeita esta solicitude da traballadora neste escrito, unha solicitude na que pide que se lle recoñeza que, ao estar facendo funcións que non son propias do seu posto, que son funcións dun técnico superior, se lle recoñeza esa subida salarial para gratificar esas funcións que fai a maiores. Como dicíamos, votamos en contra da proposta do concelleiro e o vamos facer tamén neste pleno, non porque sexa ou non sexa precedente levalo nos orzamentos, senón porque o que non vamos aceptar son tratos discriminatorios desde o grupo do goberno duns traballadores sobre outros. Polo tanto, nós votamos en contra desta proposta do concelleiro a efectos de que non se desestime o escrito da traballadora, a efectos de que se estude, de que abra un expediente, que se estuden os dereitos desta traballadora, a igual que se sucedera con algún outro traballador faríamos o mesmo. Que se estuden eses dereitos que ten ese traballador ou traballadora que, insisto, existe un informe no que se recoñece que se están facendo esas funcións e polo tanto se debería entrar no fondo e non soamente na forma como se fai neste goberno. Gracias.

**Sr. Alcalde:** Moitas gracias, Sr. Magariños, ten vostede a palabra.

**Sr. Magariños Maceiras, do BNG:** Simplemente indicar que non só esta traballadora está nesta situación. Hai outros traballadores e traballadoras do concello que tamén están nesta situación, que están cobrando moi por abaixo dos labores que están desempeñando e que é necesario poñerlle coto a esta situación e solucionala canto antes. Nada máis.

**Sr. Alcalde:** Moitas gracias. Sr. Alberto Blanco, ten a palabra.

**Sr. Blanco Carracedo, do PP:** Ben, me parece que os grupos da oposición non viron realmente o punto que se estaba tratando e están confundidos. O punto que se leva a cabo é unha alegación presentada ós orzamentos do 2012. Os orzamentos do 2012 só poden ser impugnados segundo os presupostos establecidos no artigo 170 da lei de facendas locais, que son taxados ou “númerus clausus”. En ningún caso esta reclamación, ou calquera outra reclamación laboral que non sexa un dereito recoñecido, pode ser obxecto dunha reclamación ós orzamentos. Outra cousa (sería fariña doutro costal) é debater sobre a situación dos traballadores. O caso concreto que dicía a portavoz socialista, que foi unha encomenda de xestión, foi unha figura totalmente diferente de realización duns traballos asignados a un posto. Xa lle digo, sería obxecto dunha RPT, dun convenio colectivo, pero

*non é obxecto desta alegación, que é unha alegación ós orzamentos, que como tal hai que tratala, e así o fai intervención no seu informe. Polo cal, non cabe outra, sería inadmisíbel ou contrario a dereito, estimar esa alegación, sería absolutamente impugnable ante calquera tribunal. Polo cal, non queda outro remedio que ditaminar en contra desa alegación e por iso que vamos a votar favorablemente o ditame.*

Finalmente, apróbase por once votos a favor (do PP) e dez votos en contra (do PSdeG-PSOE e do BNG) o seguinte ACORDO:

Visto o escrito referente ó orzamento municipal de 2012 presentado por dona Julia García Oya no período de exposición ao público anunciado no Boletín Oficial da Provincia do 6 de marzo de 2012.

Visto o informe da Intervención municipal do 27 do mesmo mes, do que resulta a corrección formal do orzamento inicialmente aprobado, sen constar ningún recoñecemento de obriga a favor da interesada,

ACORDAMOS:

Desestimar o escrito de dona Julia García Oya por falta de fundamento para ser legalmente entendido como reclamación contra o orzamento municipal do exercicio 2012.

#### **4º.-APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO DITAME DA COMISIÓN DE FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS RELATIVO Á APROBACIÓN DEFINITIVA DO ORZAMENTO MUNICIPAL PARA O EXERCIZO 2012**

***Sr. Blanco Carracedo, do PP:** Ben, este punto é consecuencia inmediata do anterior. Ó ser desestimadas as alegacións que hai ós orzamentos, corresponde a aprobación definitiva, que debería ir ou podería haber ido encadeado ó punto anterior. Para darlle maior, non sei se cabe, seguridade xurídica, trátase de forma independente. Por iso se votou así e se ditaminou.*

***Sr. Alcalde:** Moitas grazas Sr. Blanco. Algunha intervención? Ten a palabra, Sra. Louzao.*

***Sra. Louzao Vieites, do PSdeG-PSOE:** Ben, como o señor Blanco dicía, efectivamente, a lei estima que hai que facer unha aprobación definitiva, logo do proceso de emendas ó orzamento. Dende o grupo socialista, vamos a manter o voto que mantivemos no seu día cando se tratou este punto, o punto dos orzamentos ¿e por que o vamos a facer? pois ratificándonos efectivamente no que comentamos no seu día. E dicir, este orzamento desde logo é mellorable, este orzamento prexudica claramente ós veciños e ás veciñas da Estrada, prexudícaos e, resumindo (non vamos a volver a entrar no tema), simplemente porque vostedes saben que auméntase a compra de bens e servizos en 300.000 euros, a pesar de haber creado unha plataforma de contratación, que se supón que ía a rebaixar estes gastos. Se conxela a oferta de emprego, sen embargo si prevén a contratación directa en determinados postos por acumulacións. O gasto corrente sobe máis de 300.000 euros, se prevé gasto para contratar a empresas externas a maiores do que xa se viña facendo. Se aumenta o gasto para pagar luz pública cando en realidade se esta cortando o servizo de luz pública no rural. Se están baixando os gastos en servizos sociais, gastos en educación, en*

*apoio ó comercio, se está baixando o apoio á agricultura no rural, o apoio ás asociacións do rural, apoio á xuventude, en políticas de infancia (báixase o apoio á gardería, desde logo). Medidas de emprego: se fala dun obradoiro de emprego no que a estas alturas do ano nin sequera saíu a convocatoria, non sabemos se vai existir ou non. Se fala de apoio ós emprendedores e non sabemos de que forma. E claramente se prexudica ós veciños cando se lles soben os impostos deliberadamente, ¿para que? Para gastar en campos de fútbol, para gastar en gastos a maiores do gasto corrente, ¿para gastar en que, Sr. Alcalde? ¿para gastar en que, Sr. Concelleiro? É dicir, se lle está subindo ós veciños dicindo que se lle vai implicar en gasto social e vemos na prensa tódolos días os titulares, cal é o gasto que, como entende o gasto que fai o grupo de goberno nun momento de crisis, que en vez de ser para apoiar ó emprego se fai para apoiar campos de fútbol, campos de fútbol que curiosamente, como medida de emprego para as nosas empresas, tendo en conta que se vai a contratar de fora e que creo que nas nosas empresas, empresas que poñan herba artificial..., bueno, pois non sei, igual me sorprende e existe algunha, pero dende logo o grupo socialista non vai apoiar estes orzamentos. O grupo socialista vai a manter o seu voto contra estes orzamentos porque son uns orzamentos que prexudican claramente ós nosos veciños, son uns orzamentos que non reflexan a realidade da situación económica dos nosos veciños, onde mentres no resto dos concellos se baixa o presuposto, aquí se sobe, ¿se sobe para que? Para facer gastos que neste momento son gastos inmoraís con respecto á situación económica que vivimos. Gracias.*

**Sr. Alcalde:** *Moitas gracias Sra.Louzao. Sr.Magariños?. Ten a palabra entón o Sr. Alberto Blanco.*

**Sr. Blanco Carracedo, do PP:** *Ben, non estamos no debate dos orzamentos, lamento que se aproveite de calquera oportunidade para volver a facer populismo e demagogia. Si se subiu un dos impostos, o único que se subiu, non se tocou ningún outro tipo de taxa nin prezo publico nin imposto. Non é certo que suba o gasto corrente, entón xa está mais que discutido. Vostedes non queren ver que hai 100.000 euros presupostados para o obradoiro de emprego. Veñen agora con campos de fútbol, lamento que teñan unha visión tan corta do que sería a planificación que debe de facer o concello, lamento moitas cousas pero non vale de nada. ¿Para que se fai todo isto? Bueno, sobre todo a subida de impostos que vostede di, en principio para cumprir as obrigacións que tiña contraídas este concello e que viñan da lexislatura anterior. O cal, visto o caso que me esta facendo, penso que xa as coñece.*

Finalmente, apróbase por once votos a favor (do PP) e dez votos en contra (do PSdeG-PSOE e do BNG) o seguinte ACORDO:

-Visto o orzamento para o exercicio 2012 aprobado inicialmente na sesión plenaria do pasado 1 de marzo, exposto ó público durante o prazo de 15 días comprendido entre o 7 e 23 do mesmo mes (Boletín Oficial da Provincia do día 6).

-Vista a desestimación, mediante Acordo Plenario de 12 de abril de 2012, da única alegación presentada en prazo contra o orzamento,.

-Visto o Informe da Intervención municipal de 27 de marzo de 2012.

-A fin de completar a tramitación regulada no artigo 169 do Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais.

**ACORDAMOS:**

-Apróbase definitivamente o orzamento municipal para o exercicio 2012 nos termos aprobados nun principio na sesión plenaria do 1 de marzo de 2012.

**5º.-APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO DITAME DA COMISIÓN DE FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS RELATIVO A RECTIFICACIÓN DO ACORDO PLENARIO DO 1 DE MARZO DE 2012 DE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL DA TAXA DE RECOLLIDA E TRATAMENTO DE LIXO**

*Sr. Blanco Cariacedo, do PP: Ben, da cordo co ditame da comisión de facenda respecto a este punto xa se explicou que aínda que estaba claramente reflexada cal era o alcance da modificación desta ordenanza, no momento da recollida e publicación da mesma, non se fixo de forma íntegra. E por isto, e cumprindo os requisitos legais, que se volve a traer, paso previo por comisión, a este pleno para a súa aprobación.*

Finalmente, apróbase por vinte votos a favor (do PP e do PSdeG-PSOE) e unha abstención (do BNG) o seguinte ACORDO:

Vista a proposta do concelleiro delegado de Facenda de data 20-marzo-2012 ao respecto da aprobación inicial da modificación da ordenanza reguladora da *taxa de recollida e tratamento de lixo*, consonte ó acordo plenario do 1 de marzo,

Sendo evidente o erro producido no expediente ditaminado o 16 de febreiro último pola Comisión informativa de Facenda e Especial de Contas, consistente na redacción incompleta do artigo 6 da ordenanza modificada ó faltar catro parágrafos do texto orixinal, defecto posteriormente arrastrado ó acordo plenario de mención,

Vista a fiscalización por parte da Intervención municipal de 28 de marzo de 2012,

ACORDAMOS:

Rectifícase, nos seguintes termos, o acordo do 1 de marzo de 2012 de modificación da Ordenanza Fiscal nº 10, reguladora da taxa de recollida e tratamento de lixo:

Onde di:

*“ Modifícase o artigo 6 da ordenanza reguladora da taxa de recollida e tratamento de lixo, que queda coa seguinte redacción:*

**Artigo 6. Cota Tributaria**

1.- Respecto da zona urbana, as cotas esixíranse trimestralmente e de conformidade co Regulamento Xeral de Recadación.

2.- Respecto da zona rural, as cotas esixíranse anualmente e de conformidade co Regulamento Xeral de Recadación. ”

Debe decir:

*“ Modifícase o artigo 6 da ordenanza reguladora da taxa de recollida e tratamento de lixo, que queda coa seguinte redacción:*

## **Artigo 6. Cota Tributaria**

1. Respecto da zona urbana, as cotas esixíranse trimestralmente e de conformidade co Regulamento Xeral de Recadación.

2. Respecto da zona rural, as cotas esixíranse anualmente e de conformidade co Regulamento Xeral de Recadación.

3. Establécese o seguinte cadro de tarifas:

<i>1</i>	<i>Zona Urbana</i>	euros / ano
1.1	Usos domésticos	
1.1.1	Vivendas con valor catastral igual ou inferior a 30000 euros no caso de que constitúan residencia habitual ou permanente de unidades familiares nas que os ingresos non rebasen o salario mínimo interprofesional	42,97
1.1.2	Vivendas que constitúan residencia habitual ou permanente de persoas beneficiarias da Renda de Inserción Social de Galicia - Risga	7,15
1.1.3	Resto de vivendas	85,94
1.2	Despachos profesionais	215,28
1.3	Cafeterías, bares, discotecas, pensións e semellantes	346,77
1.4	Establecementos comerciais de ata 300 m <sup>2</sup> .	215,28
1.5	Establecementos comerciais de 301m2. a 750 m <sup>2</sup> .	346,77
1.6	Establecementos comerciais de 751 m2. a 1.000 m <sup>2</sup> .	559,68
1.7	Establecementos comerciais de 1.001 m2. a 1.500 m <sup>2</sup> .	1.119,52
1.8	Establecementos comerciais de máis de 1.501 m <sup>2</sup> .	1.678,90
1.9	Entidades financeiras	559,68
1.10	Industrias e talleres de ata 200 m <sup>2</sup>	215,28
1.11	Industrias e talleres de 201 m2. a 750 m <sup>2</sup> .	346,77
1.12	Industrias e talleres de 751 m2. A 1.500 m <sup>2</sup> .	559,68
1.13	Industrias e talleres de mais de mais de 1.500 m <sup>2</sup>	839,01
1.14	Establecementos non incluídos nos apartados anteriores	215,28
<i>2</i>	<i>Zona Rural</i>	euros / ano
2.1	Usos domésticos	
2.1.1	Vivendas con valor catastral igual ou inferior a 30000 euros no caso de que constitúan residencia habitual ou permanente de unidades familiares nas que os ingresos non rebasen o salario mínimo interprofesional	17,34
2.1.2	Vivendas que constitúan residencia habitual ou permanente de persoas beneficiarias da Renda de Inserción Social de Galicia - Risga	7,37
2.1.3	Resto de vivendas	34,72
2.2	Actividades comerciais e industriais de 4 a 10 obreiros	104,90
2.3	Actividades comerciais e industriais de máis de 10 obreiros	208,20
2.4	Establecementos non incluídos nos apartados anteriores	52,06

4. Para os efectos da aplicación deste artigo, considerarase como zona urbana aquela onde o servizo se presta con carácter habitual os días laborables, e como zona rural aquela onde exista un contedor de lixo nun radio de cen metros contados a partir de calquera punto do inmovible da vivenda ou no que se desenvolva a actividade.



5. Para a fixación da base do gravame, a superficie dos locais comprenderá a totalidade do local afecta a actividade, sen que proceda a exclusión de ningunha dependencia ou habitación por razón do seu uso específico.

6. No caso de realización de dous ou máis feitos impositivos nunha mesma vivenda ou local, entenderase que é obxecto de tributación ó que corresponda á tarifa de maior contía.”

**6º.-APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO DITAME DA COMISIÓN DE RURAL E MEDIO AMBIENTE RELATIVO A DEVOLUCIÓN DE GARANTÍA DO CONTRATO DE CONCESIÓN ADMINISTRATIVOVA NO ALBERGUE DE SABUCEDO**

*Sr. Constenla Carbón, do PP: Boas tardes. Unha vez transcorrido todo o prazo de garantía acordado no pleno onde se rescindiu o contrato á empresa Barbatana, a empresa Barbatana solicita a devolución da garantía que consta neste concello para a súa explotación. Visto o ditame da comisión non hai mais que expoñer.*

Finalmente, apróbase por unanimidade o seguinte ACORDO:

-Vista a solicitude formulada por Barbatana SL (entrada o 1 de xuño de 2010) de devolución de garantía definitiva constituída para responder da execución do contrato de concesión administrativa do Albergue albergue turístico-hípico e picadeiro de Sabucedo. Contrato adxudicado o 23 de maio de 2002 e asinado o 1 de outubro de 2002.

-Visto o Acordo plenario de 4 de xuño de 2009 polo que se resolveu o correspondente contrato, e no que se dicía expresamente: *“O prazo de garantía do contrato, que será dun ano, comezará a contarse precisamente a partires da data da adopción do presente Acordo”.*

-Visto o Informe favorable á devolución do aval emitido pola Concelleira de Medio Rural con data de 3 de setembro de 2010.

-Visto o Informe do Tesoureiro municipal de 29 de xullo de 2011

-Visto o Informe da Intervención municipal de 23 de agosto de 2011.

-Visto o Informe do Arquitecto Técnico municipal de 2 de marzo de 2012.

-Tendo en conta as seguintes consideracións:

---A resolución contractual xa fora obxecto do seu propio expediente, onde se analizaban, entre outras, tanto as cuestións relativas á reversión dos bens como as relativas ás débedas en concepto de canon. E dito expediente concluíu co Acordo plenario de 4 de xuño de 2009 onde se aprobou o seguinte: *-A resolución de mutuo acordo con Barbatana SL do contrato administrativo de concesión para xestión dun albergue turístico hípico e picadeiro.*

*Coa presente resolución extínguense as débedas que Barbatana SL tivera co Concello en concepto de canon como concesionaria do servizo.*

*O prazo de garantía do contrato, que será dun ano, comezará a contarse precisamente a partires da data da adopción do presente Acordo.*

Non procede neste intre entrar a analizar a corrección ou oportunidade da decisión xa adoptada polo Pleno da Corporación en relación coa resolución contractual. O Acordo xa se adoptou, e só procede actuar en consonancia con el.

Así pois, e no relativo á devolución da garantía, unicamente é oportuno examinar se, trala data do Acordo de resolución, se teñen producidos desperfectos nos bens mobles e inmobles que foran obxecto de reversión, ou calquera outros, que poidan ser achacables a unha mala execución da concesión pola parte concesionario mentres o contrato estivo en vigor. Iso foi precisamente o analizado no Informe do Arquitecto Técnico municipal de 2 de marzo de 2012, concluíndo que non se apreciaban

-Vista a competencia do Pleno da Corporación, de conformidade coas previsións da disposición transitoria do RD Lexislativo 3/2011, artigo 47 do RD Lexislativo 2/2000, artigo 65 do RD 1098/2001 e artigo 22.2.ñ) da Lei 7/1985, na redacción que esta Lei tiña cando se adxudicou a concesión.

ACORDAMOS:

-Devolver a Barbatana SL (CIF B15604432), a garantía por importe de 6.010,12 euros constituída para responder da concesión administrativa de Albergue turístico hípico e picadeiro de Sabucedo, mediante aval nº 124.688 de Caixa Galicia (carta de pago nº 216 de 2002).

### **FÓRA DA ORDE DO DÍA**

#### **A) DITAME DA COMISION INFORMATIVA RELATIVA Á ORDE DO 29.03.10 ( CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL ), POLA QUE SE ESTABLECERON MEDIDAS EN RELACIÓN CO SISTEMA DE IDENTIFICACIÓN DOS ÉQUIDOS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA.**

*Sr. Alcalde: Antes de pasar á parte de control da xestión e fora da orde do día, por acordo dos tres grupos políticos aquí representados, se presenta unha moción do grupo municipal do BNG que hoxe, despois da comisión, é unha moción conxunta das tres forzas políticas, relativa á orde do 26 de marzo de 2010 da Consellería do Medio Rural pola que se estableceron medidas de acción co sistema de identificación dos équidos da Comunidade Autónoma de Galicia. Se lles parece, para iniciar o debate (primeiro procederemos á votación da urxencia desta moción), por cortesía co grupo político que foi quen presentou esta moción, lle cedemos o turno ó voceiro do BNG para que faga uso da súa palabra e posteriormente establecemos os outros turnos de intervencións.*

Procedese á votación relativa á urxencia do asunto, aprobándose por unanimidade.

**Sr. Magariños Maceiras, do BNG:** *Antes de nada, alegrarnos de que chegamos a un consenso que foi relativamente fácil chegar ó consenso neste apartado porque as tres forzas políticas sabemos ben a importancia que ten o gando cabalar no noso concello, non só polo que é a rapa das bestas senón polo que lle pode e lle implica á Cooperativa Monte Cabalar e a outros moitos gandeiros. As tres forzas políticas tamén somos conscientes de que este gando cabalar implica unha serie de problemáticas que tamén hai que solucionar e desde logo, tal e como se está elaborando este decreto que regula o gando equino no monte, non o vai a solucionar. Cremos que o sentido da moción que se chegou a consenso é moito máis lóxica e máis cerca da realidade dos nosos montes, estradenses en particular e dos galegos en xeral. As tres forzas recoñecemos que é necesario identificar o gando que existe no monte porque ten dono, calquera gando, calquera cabalo que hai no monte ten dono, non é un animal salvaxe, non é un xabarín que non ten dono ningún. Todos teñen donos e somos conscientes tamén de que hai que ir a sistemas de identificación que non impliquen o sufrimento a un animal. Aí as tres forzas coincidimos en que non se debían aprobar mocións como aprobaron outros concellos onde se pedía que se mantivera o sistema tradicional de marcaxe, cousa que estamos no século vinteún e non temos que estar pedindo que para marcar un animal sexa necesario que sufra. Sen mais, déixolle o turno os demais.*

**Sr. Alcalde:** *Moi ben Sr. Magariños, moitas gracias, ten a palabra ou se alguén quere a palabra...; ten a palabra a Sra. Louzao.*

**Sra. Louzao Vieites, do PSdeG – PSOE:** *Nós se nola ofrecen collémola. Vamos a ver, como dicía o compañeiro do BNG, hai un consenso, as tres forzas políticas nos xuntamos, chegamos a un consenso sabendo da importancia que teñen neste caso para A Estrada, os cabalos do monte, o gando mostrenco. Efectivamente, os tres chegamos á conclusión de que é importante manter o seu propio ecosistema, manter a zona de pastoreo tradicional na que se ven dando este pasto para este gando, así como evidentemente diferenciar o que son gando equino mostrenco do que ven sendo animal doméstico ou do que ven sendo cabalo para outro tipo de fins que non é o que se lles aplica aquí no monte. Polo tanto, simplemente, como dicía o compañeiro do BNG, é fácil chegar a consensos cando os tres falamos dos intereses da Estrada, cando os tres grupos miramos polo ben de todos. Simplemente dicir, unha vez máis, que todo o noso apoio (igual que, supoño, o do resto das forzas) a este tipo de explotación singular, tamén pola presenza da rapa das bestas na Estrada, a esta iniciativa que agardamos que efectivamente chegue á Xunta, chegue a bo porto e se reconduza un pouco o decreto sobre o que se está traballando no sector equino dende a Xunta de Galicia. Gracias.*

Finalmente, adóptase o seguinte Acordo por unanimidade:

Visto o ditame da Comisión Informativa.

Visto que, o aproveitamento dos recursos pastables dos nosos montes con diferentes especies de gando, especialmente de equino, ten unhas consecuencias moi positivas no eido rural e na sostibilidade dos ecosistemas de monte, xa que xestiona a biomasa arbustiva transformando a enerxía solar en proteínas, sen custos de produción e sen consumo de enerxía no proceso de transformación como exemplo máximo de xestión sustentable, contribuíndo ademais a:

Conservar o medio natural e a paisaxe, pois a presenza de gando mantén un monte aberto e vivo que favorece a biodiversidade e o uso social.

Diminuír a incidencia dos incendios forestais, dificultando a formación

dunha fronte ou liña de fogo continua e facilitando a penetración dos servizos de extinción. Deste xeito debe considerarse o pastoreo como o instrumento máis eficaz na prevención de incendios.

Ao controlar o toxo, favorecer a aparición da vexetación herbácea e pastos de maior calidade e, polo tanto, doutras especies de gando máis esixentes.

Fixar poboación en zonas deprimidas.

Conservar unha raza autóctona, adaptada xeneticamente aos nosos montes.

Visto que, ademais dos valores anteriores, o cabalo do monte é un elemento etnográfico milenario e singular dos montes galegos en xeral e dos estradenses en particular, sendo para a economía estradense un xerador de recursos turísticos de primeiro orden; non podemos esquecer a importancia que ten a Rapa das Bestas como imaxe de marca do turismo estradense.

Visto que, actualmente o sector equino en Galicia está a pasar por unha fase crítica, onde os produtores son incapaces, en moitos casos, de vender os poucos poldros que logran criar no monte. Esta situación veuse complicar coa publicación do RD 1515/2009, do 2 de outubro, polo que se establece un sistema de identificación e rexistro dos animais da especie equina, e da Orde do 29 de marzo de 2010, pola que se establecen medidas en relación co sistema de identificación dos équidos na Comunidade Autónoma de Galicia, pola cal os cabalos deberán ser identificados cun documento individual e cun transpondedor electrónico, dándolle o tratamento de animal de compañía e impedindo a normalización do sector equino extensivo e a súa explotación gandeira.

Visto que se atopa en estudo e fase de alegacións un decreto sobre o sector equino onde a Xunta faculta aos propietarios de terreos e comunidades de montes a, cunha mera comunicación á Xunta, prohibir a presenza de cabalos nos seus terreos, entre outras cuestións.

Visto que, isto implica un gasto na identificación de reprodutoras non asumible para os gandeiros e que as subvencións, polos prazos de tempo cos que traballan, tampouco cobren. Mais no caso de poldros para sacrificio resulta xa imposible, pois a tarifa de identificación por animal establecida polo colexio de veterinarios é de 40 € cabeza, un valor que hoxe non ten un poldro de dúas primaveras (14 meses) destinado para sacrificio.

Visto que, as consecuencias desta falta de previsión son funestas e os gandeiros optan por desfacerse das eguas.

ACORDAMOS:

Instar á Xunta de Galiza a:

- o Unha modificación da Orde pola que se diferencie entre cabalo de compañía, e équidos destinados á produción e gando equino

mostrenco, realizando para estes un sistema semellante, tamén en custos, ao das outras especies.

- Considerar a cría do cabalo de monte como un ben a apoiar e fomentar.
- Avanzar na ordenación do monte e nos compromisos entre gandeiros e propietarios.
- Considerar o aproveitamento gandeiro da biomasa xerada no monte como un dos medios máis eficaces contra os incendios forestais.
- Continuar coa liña de axudas económicas para a marcaxe identificativa do xeito menos agresivo tecnoloxicamente en cada intre para os animais, de ata o 100% do seu custe, ou, alternativamente, artellando algunha liña de bonificación para tal fin.
- Delimitar perimétralmente unha zona de especial protección para este tipo de fauna cabalo de monte e o seu ecosistema (zona de pastoreo tradicional), coas correspondentes corredeiras de paso, de xeito que se concilien os dereitos dos propietarios e os dos gandeiros, e de sorte que os primeiros non sufran detrimento na súa titularidade dominical nin vexan danadas as súas zonas de cultivo.
- Trasladar este acordo ao presidente da Xunta.

**Sr. Alcalde:** *Algunha outra moción de urxencia que consideren os outros grupos políticos? Ten a palabra Sra. Louzao.*

**Sra. Louzao Vieites, do PSdeG-PSOE:** *Ben, como é coñecido por todos, o grupo socialista presentou días atrás por rexistro deste concello unha moción, unha moción na que se facía unha proposta ó goberno municipal e se lle instaba a reconsiderar unha inversión importante para A Estrada, atendendo ás obrigacións que, como goberno municipal ten, de atender o saneamento no rural así como a urbanización e fomentar o desenvolvemento económico e local do noso concello. Esta proposta, esta moción que foi incorporada por rexistro do concello da Estrada, pretende que o concello, o goberno municipal do concello da Estrada, reconsidere un gasto que vai a facer de 1.254.000 euros de cara á construción dun campo de fútbol, neste momento actual de crise que, como dicíamos, nos parece que existen proxectos, existen necesidades dos veciños, existe legalidade vixente á que o concello debe dar cumprimento e que se reconduza, polo tanto, ese gasto cara aí. ¿Por que? Porque se argumentaba que é importante ter vista de futuro, aínda o dicía hai un momento o señor portavoz.*

**Sr. Alcalde:** *Sra. Louzao, vamos a ver, estamos fóra da orde do día e estamos no punto de se hai algunha moción de urxencia para debater neste pleno. Creo que esta presidencia xa*

*falou con vostedes sobre ese asunto e aquí o que se trata é de explicar vostedes se existe algunha moción, explicar a súa urxencia e despois, se procede, entrariamos no debate.*

**Sra. Louzao Vieites, do PSdeG-PSOE:** *Se me deixa proseguir.*

**Sr. Alcalde:** *É que xa lle dixen que, xa lle trasladei ademais e lle fixen partícipe da copia do informe de secretaria de que en ningún caso se podía tratar como moción ese escrito que vostedes presentan. En todo caso, estamos falando do mesmo escrito. Non procede abrir debate sobre a posibilidade dunha moción. Hai despois o apartado de rogos e preguntas no que vostede poderá explicar.*

**Sra. Louzao Vieites, do PSdeG-PSOE:** *Se me permite explicar a urxencia da moción, por favor, Sr. Alcalde?*

**Sr. Alcalde:** *Non, pero é que lle estou explicando cal é o motivo eu xa llo trasladei. Vostede explique cal é o contido da moción. ¿Cal é o motivo da moción?*

**Sra. Louzao Vieites, do PSdeG-PSOE:** *Pois llo estou dicindo, propoñer ó goberno que reconduza un gasto, que reconsidere un gasto para unhas inversións necesarias no Concello da Estrada.*

**Sr. Alcalde:** *Xa lle expliquei que esa moción, que iso non é unha moción, e polo tanto vostede ten acceso...*

**Sra. Louzao Vieites, do PSdeG-PSOE:** *Se un grupo da oposición non pode instar ó goberno municipal a facer...*

**Sr. Alcalde:** *Vostede ten copia do correspondente informe de secretaria no cal se lle explica perfectamente cales son as diferentes posibilidades que ten.*

**Sra. Louzao Vieites, do PSdeG-PSOE:** *Vostede mo acaba de entregar..*

**Sr. Alcalde:** *Perdóeme un segundo Sra. Louzao, as diferentes posibilidades que ten a oposición para fiscalizar o labor do goberno, os distintos instrumentos que pode utilizar. E en todo caso, creo que quedou claro e eu llo trasladei hoxe a mediodía, que este escrito non ten consideración de moción. Polo tanto aquí o único, e no propio ROF, no propio regulamento orgánico de funcionamento fala da posibilidade e de como se estrutura unha sesión plenaria; e nas sesións plenarias, fora da orde do día se solicita a incorporación ou se da a posibilidade de incorporación dalgunha moción de urxencia na que vostede terá que explicar estritamente cal é a moción. E sabe vostede que o que está presentando vostede non é unha moción.*

**Sra. Louzao Vieites, do PSdeG-PSOE:** *Que non sexa unha moción, que non sexa de urxencia cando vostedes van a asumir un gasto agora mesmo... Se vostede non quere autorizarnos a presental, pois dígao claramente.*

**Sr. Alcalde:** *Sra. Louzao, agora mesmo non hai debate en este tema, estoulle dicindo que ten vostede copia do informe de secretaria, analíceo e aí fala expresamente e claramente das figuras que ten calquera grupo municipal de poder expresar a súa opinión sobre determinados aspectos.*

**Sra. Louzao Vieites, do PSdeG-PSOE:** *Fai vinte minutos que vostede me pasou un papel que, como entenderá, evidentemente para atender ó resto do desenvolvemento do pleno, entenderá que non podo facer catro cousas á vez, se vostede pode felicidades; estivemos atendendo o desenvolvemento dun pleno. Un documento que vostede me entregou dous minutos antes. Estou intentando xustificar a urxencia dunha mocion.*

**Sr. Alcalde:** *Sra. Louzao, eu tiven a cortesía de chamala a vostede hoxe a mediodía para explicarlle cal era o motivo desta situación*

**Sra. Louzao Vieites, do PSdeG-PSOE:** *Efectivamente, vostede chamoume hoxe a mediodía ás tres e cinco para dicirme que existía un informe de secretaria que me ía a pasar pola tarde.*

**Sr. Alcalde:** *Non, eu o que lle dixen foi....*

**Sra. Louzao Vieites, do PSdeG-PSOE:** *Que quedou de levarme ó acto que tivemos ás sete da tarde, acto no que vostede me veu e eu o vin a vostede pero que ese informe mo entregou vostede dous minutos antes de comezar esta sesión plenaria*

**Sr. Alcalde:** *Eu o que lle dixen a vostede... Para empezar, se vostede tivera educación, eu cheguei antes que vostede e vostede nin sequera saudou ós que estabamos alí, se houbera saudado seguramente xa houbera aproveitado para darllo, eu cheguei antes e saudei a tódolas persoas que estaban nese acto e ademais, simplemente como símbolo de cortesía nada máis...*

**Sra. Louzao Vieites, do PSdeG-PSOE:** *Como símbolo de cortesía tamén me saudou cando pasaba.?*

**Sr. Alcalde:** *Cando vostede chegou, o acto estaba comezado.*

**Sra. Louzao Vieites, do PSdeG-PSOE:** *Non é certo, non é certo señor alcalde, non é certo, non falte vostede á verdade señor alcalde, non é certo.*

**Sr. Alcalde:** *Isto non é debate.*

**Sra. Louzao Vieites, do PSdeG-PSOE:** *O debate non é porque non nos deixa presentar unha moción.*

**Sr. Alcalde:** *Sra. Louzao a orde do día a elixe o alcalde*

**Sra. Louzao Vieites, do PSdeG-PSOE:** *Correcto, esa é a única verdade.*

**Sr. Alcalde:** *E a organización e a xestión do pleno municipal a decide o alcalde, e lle estou dicindo (e creo que ademais lle estou dando os fundamentos, non é un capricho), ten vostede os fundamentos nese escrito que eu lle acabo de pasar, nese informe de secretaria, onde pon claramente que en ningún caso o escrito que vostedes presentan pode ser considerado unha moción; e ademais o pon expresamente e eu se quere llo leo: “a xuízo de quen subscribe, a pesares da súa denominación como moción, o escrito do grupo socialista con entrada catro de abril non é unha moción senón un rogo”. Este é o escrito do secretario que llo vou a ler para que vostede teña constancia: “É mediante a figura do rogo, e non mediante a figura da moción, a través da que se insta ós órganos do goberno municipais a que realicen unha actuación. Non procede que sexa o pleno o que mediante un acordo adoptado no seu seo inste ós órganos do goberno municipal (por exemplo ó alcalde) a que realicen unha actuación. Esta posibilidade, os que a teñen recoñecida son os concelleiros individualmente ou os grupos a través dos seus voceiros. Non cabe que un concelleiro ou un grupo inste ó pleno a que este á súa vez inste ó alcalde. Instar ó alcalde ou calquera outro órgano dE goberno municipal a que realice unha actuación en materia da súa competencia non é atribución do pleno, é atribución de cada concelleiro ou de cada grupo a través do seu voceiro; e o instrumento para facer tal fin é o rogo”. Este é o informe de secretaria que eu lle traslado. Pero é que non hai debate sobre este tema*

**Sra. Louzao Vieites, do PSdeG-PSOE:** *Non, non hai debate...*

*Sr. Alcalde:* Estamos fóra da orde do día. Se vostede non ten outra moción de urxencia pasamos.

*Sra. Louzao Vieites, do PSdeG-PSOE:* Si, teño unha moción de urxencia señor alcalde, unha moción de urxencia que solicita ó pleno da Estrada que se reconduza o gasto de 1.254.000 euros necesarios para a construción dun campo de fútbol para o avance na execución das obrigas municipais en materia de rede de saneamento proxectado para o exercicio 2012 e vindeiros, a finalización de Rubín e de Couso e a urbanización da rúa Leicures.

*Sr. Alcalde:* Moi ben, pois como entendemos que ese escrito nin é unha moción nin ten desde logo as condicións necesarias para selo, pasamos polo tanto á parte de control da xestión. Algunha intervención? Non hai ningunha intervención?

*Sra. Louzao Vieites, do PSdeG-PSOE:* Si si hai intervención señor alcalde. Hai intervención para dicir que dende logo se están perdendo as formas democráticas neste concello, se están perdendo nos debates, se están perdendo cando vostede lle retira a palabra á oposición, se están perdendo cando vostede non autoriza usando a súa competencia para decidir a orde do día, non autoriza a presentar mocións de urxencia e se están perdendo, dende logo, señor alcalde cando vostede pasa por encima dos dereitos da oposición, e ante esa situación, dende logo, non nos queda mais remedio que retirarnos deste pleno, solicitando que volva á democracia a esta casa.

Neste intre, abandonan o salón de sesións os 9 Concelleiros do grupo do PS de G-PSOE.

## **B) PARTE DE CONTROL DA XESTIÓN**

**7º.- DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DITADAS NO PERÍODO COMPRENDIDO ENTRE O 1 E O 29 DE FEBREIRO DE 2012, ÁMBOS DOUS INCLUÍDOS.** Dáse conta ao Pleno da Corporación das Resolucións da Alcaldía ditadas no período comprendido entre o 1 e o 29 de febreiro de 2012.

### **8º.- ROGOS E PREGUNTAS.**

*Sr. Magariños Maceiras, do BNG:* O primeiro rogo, que xa falamos, que non o ía a traer pero agora si o vou a facer. Xa falamos del varias veces, é que elaboraremos ese regulamento de funcionamento dos plenos e así acábanse este tipo de cuestións.

*Sr. Alcalde:* Si señor Magariños, dese rogo que quere facer, un comentario: o regulamento do funcionamento dos plenos non establece cales son os criterios e as formas que ten a oposición, isto hai unha lei e o problema é que aquí se alguén non estuda ou non se sabe a lei, non é un problema deste pleno. Eu creo que calquera dos concelleiros deste pleno estamos aquí, vostede tamén, me parece que antes de ser concelleiro hai uns manuais que estudan e analizan de como debe ser a figura de cada un, as posibilidades que se establecen nestas sesións plenarias e o regulamento o que establece serán os turnos de intervención e algún outro tipo de aspecto concreto. Pero o que ten cualificación, porque aquí non hai



*unha cualificación previa de documentos, o que ten cualificación de moción, de proposición, de rogo ou de pregunta, está perfectamente tipificado e se sabe expresamente o que é. E ademais, para iso tamén temos ó secretario municipal, que evidentemente é o que pode permitir cualificar determinados documentos que se presentan a este pleno.*

**Sr. Magariños Maceiras, do BNG:** *Estou da cordo con vostede pero eu creo que ó final o grupo socialista reconduciu o seu escrito, que pode entrar en debate ou non, se era un rogo ou non, pero si o reconduciu ó final, e eu creo que a estrutura que despois mostraron, ó final, é unha estrutura de ... porque non estaban rogando, tal e como estaban redactando ó final o escrito. Pero bueno, non vou a ser eu o que defenda a moción do partido socialista.*

*Teño un rogo e varias... bueno, catro preguntas. O primeiro rogo é instar á Deputación Provincial a que solucionen os puntos negros que se atopan na estrada a Vinseiro, sobre todo o que hai xusto no entronque, o tramo das curvas da chatarrería, que hai alí, que simplemente con arreglalo un pouquiño, se solucionaría moito; esas curvas, eses cruces, na zona moi estreita que xa houbo varios percances. Non é unha obra cara, outros se están solucionando como é a ponte de Cereixo, máis arriba en Vinseiro se solucionaron, e aí queda ese punto negro importante.*

*Despois, as preguntas, que pensan facer co plan municipal de estradas?*

**Sr. Alcalde:** *Pois como ben sabe, o plan municipal de estradas é un documento no que este goberno (e creo que ó final do goberno anterior) se traballaba para priorizar as actuacións que había que acometer en canto ás obras ou infraestruturas, sobre todo naqueles proxectos ou plans que permitan facer algún tipo de actuación de pavimentado e aí tanto o plan provincial de cooperación (o PPC), como o plan de infraestruturas do medio rural (o PEIM) van orientados un pouco a esas vías que están en peor estado e que necesitan facer unha actuación prioritaria para que non se deteriore máis o firme, e por iso nos serve como folla de ruta para saber cal é o estado dos viales en peor situación e nos van permitindo tamén ir priorizando nas actuacións que marca este goberno. É un documento que se está utilizando e que se debe de estar actualizando tamén, pero como sabe vostede é un documento bastante pesado, documento en papel e que na medida das posibilidades este goberno o establece como a folla de ruta importante para tomar as decisións en materia de arranxo das infraestruturas viarias.*

**Sr. Magariños Maceiras, do BNG:** *Cantas altas se deron na actualización do catastro que se estaba levando a cabo da xente que non estaba dada de alta? Sabe o señor alcalde canta?*

**Sr. Alcalde:** *Hombre, como ben sabe vostede, este é un tema que compete directamente ó catastro para o cal a empresa recadadora ou a entidade recadadora é o ORAL e o ORAL subcontrata unha empresa que neste caso na Estrada parece que é Ibisa Norte, que é a que fai todo este tipo de traballos previos e a que fai as altas, a que están atendendo ó público e os veciños nas dependencias do teatro principal. Non é un tema que sexa de xestión directa por parte deste concello. Si a propia empresa e o propio ORAL nos pasaban unha información semanal sobre os datos das actualizacións que se ían facendo e entendo que de forma voluntaria accederon ou acudiron a ese servizo aproximadamente unhas 600 persoas, das cales, 600 foron para dar altas novas e outras aproximadamente 200 foron para facer modificacións catastrais nas súas propiedades.*

**Sr. Magariños Maceiras, do BNG:** *Basicamente estas altas van a xerar uns ingresos, en que cantidade se vai incrementar cada acción de IBI debido a estas altas?*

**Sr. Alcalde:** *Hombre iso é moi complexo de calcular, practicamente imposible: cada vivenda terá a súa valoración catastral; como ben sabe, o que se fixo agora foi recadar documentación para facer as altas a nivel informático, e unha vez que teñan dadas as altas, o que se mandará será unha proposta de valoración ós propietarios sobre canto é o valor do solo mais o valor da construción. É difícil, practicamente imposible, calculalo. O que si está*

*claro é que, na súa maioría, ou case todas, son vivendas construídas xa fai moitos anos que non estaban en igualdade de condicións co resto dos veciños que están tributando o IBI e, polo tanto o que se fixo foi esa actualización, que en ningún caso supón unha nova valoración, simplemente é dar de alta aquelas vivendas que non estaban contribuíndo como todas, e buscar esa igualdade, esa equidade contributiva que creo que todos defendemos e todos queremos.*

**Sr. Magariños Maceiras, do BNG:** *Era simplemente saber se tiña unha estimación de ingresos a maiores para os presupostos ou non, era simplemente. Que conste que me parece ben: é normal que todo o mundo tribute polo que ten. A última pregunta: en que fase se atopan as actuacións que solicitaron os veciños de Vila Real en setembro de ano pasado.*

**Sr. Alcalde:** *Déame máis datos, porque con eses datos, así de memoria non sei; home, teño bastante retentiva pero non son capaz de chegar.*

**Sr. Magariños Maceiras, do BNG:** *Xa lle falara neste pleno, bueno non neste, no de abaixo, lle fixera unha pregunta de que os veciños de Vila Real se queixaban de que non tiñan auga potable, tiñan un problema coas augas fecais. Ben é certo que ó día seguinte ou dous días despois o concelleiro de medio rural se desprazou alí a falar cos veciños. Pero teño constancia, polo menos teño unha copia dun escrito que se lle entregou un escrito ó Alcalde –Presidente do Concello da Estrada solicitando unha serie de obras como pode ser a conexión inmediata do saneamento; un dos puntos que máis destacaban era fornecelos dunha traída municipal de auga potable, dado que tiñan problemas importantes de abastecemento de auga na maioría das vivendas. Supoño que este ano ca sequía que estamos tendo o problema é maior.*

**Sr. Alcalde:** *Si, vamos a ver, recordo xa o tema e estaba falando agora co concelleiro do rural. Sabe que aí temos varias posibilidades de actuación: Facer unha actuación puntual para intentar buscar unha solución puntual a ese problema pola potabilidade da auga e pola cantidade e pola calidade da auga, non? De feito, creo recordar que foi esta semana cando chegaron, nunha reunión que mantivemos cos veciños de Tabeirós, chegaron uns escritos onde se lles pediu, igual que se fixo cos veciños de Guimarei, fai aproximadamente dez días, o concelleiro na parroquia se reuniu con máis de 100 veciños para analizar a situación da auga. En Tabeiros se fixo algo parecido; os veciños presentaron un escrito coas firmas dos veciños interesados en conectarse a un posible abastecemento de auga público, a un servizo de auga público. A idea é buscar unha actuación integral na parroquia. Sabemos que hai diferentes formas ou diferentes posibilidades de actuar en función da zona na que nos movamos. Na de Tabeirós, Nigoi, Guimarei ou parte de Guimarei, A Somoza e Ouzande, poderíamos estar falando de intentar aproveitar a captación de auga do Umia, é unha opción, aínda que como ben sabe vostede, agora mesmo coa situación que temos a nivel de abastecemento de auga no casco urbano nos pode prexudicar a cantidade de auga que poida chegar ó casco urbano. E despois temos tamén a posibilidade de ir buscando solucións puntuais en cada un dos casos. Hai unha partida presupostaria nos orzamentos municipais de 124.000 euros (se non recordo mal) para as obras de abastecemento de auga no rural; temos a posibilidade de mobilizar dentro do orzamento ou extraorzamentariamente máis recursos para ese tipo de obras, e é a nosa vontade facelo. E ademais temos pedida, que espero que sexa nos próximos días, unha reunión co presidente de Augas de Galicia, porque se vostede o veu, supoño que si, cando foi a desgracia do incidente do incendio das Fragas do Eume, o propio presidente anunciou un plan especial cunha dotación extraordinaria como medida para paliar o problema da seca en Galicia, unha dotación de 150 millóns de euros para poder facer actuacións nos concellos. Evidentemente, nós vamos solicitar da Xunta de Galicia a súa colaboración para poder acometer dunha forma máis ampla. Aínda que hai diferentes necesidades no concello, hai parroquias que teñen unhas características especiais que temos que analizar, os técnicos municipais levan xa dous meses traballando nese informe, nesa memoria, sobre cales son as dotacións. Eu entendo que a posibilidade da parroquia de Guimarei (en iso se quedou cos veciños) poderémola acometer nun prazo razoable de tempo, eu creo que non máis ala de mes e medio, dous meses, poderemos estar*

*facendo as obras para intentar conectar a maior parte dos veciños da parroquia. E en Tabeirós tamén se están buscando medidas concretas para poder dar unha solución, non só a ese lugar, non só a Vila Real, senón en conxunto tamén na parroquia, porque hai moita xente doutros lugares da parroquia que nos solicitan e nos piden que solucionemos un problema que agora mesmo parece que se soluciona parcialmente coas chuvias destes días, pero que eu creo que vai a ser un verán difícil e os mananciais están baixo mínimos. Temos tamén problemas en Codeseda, co tema da auga que tamén o estamos analizando e buscándolle a solución. E temos tamén detectados problemas importantes, tamén con algunha solución, en Frades. Temos solicitado á Consellería de Medio Rural a través do plan especial de infraestruturas a construción dos novos depósitos (xa teñen parte da traída feita) e o compromiso noso é colaborar na construción dos novos depósitos para Frades, Chain e creo que Requián, se non recordo mal. Despois temos tamén a actuación na zona de Vea polo colexio, centro médico e os veciños que tamén nos pediron unha actuación concreta aí que se está analizando e estudando tamén. Son de momento as demandas máis prioritarias, xunto con Matalobos, cos veciños de Matalobos, e queremos velo dunha forma conxunta e temos empresas que se nos ofreceron a facer estudos de captación de auga en mananciais ou en pozos. Eu creo que iso pode ser unha solución parcial ou momentánea. Ou este anuncio da Xunta de Galicia de que se ían acometer captacións exprés, nun día ou en dous días para poder sacar a auga, eu creo que o debemos de facer con algo mais de planificación; temos tempo e desde logo recursos. O concello, agora mesmo, está en disposición tanto orzamentariamente como extraorzamentariamente, con recursos propios, de facer aproximadamente unha inversión superior ós 250.000 ou 300.000 euros en abastecemento de auga, e vamos a pedir a colaboración da Xunta de Galicia a través de Augas de Galicia para incrementar esas partidas e poder facer esas actuacións.*

**Sr. Magariños Maceiras, do BNG:** *Son medidas urxentes e hai que actuar canto antes porque a auga é un ben fundamental. En todo caso, como tamén lle solicitan aquí os veciños no escrito, que se teña en conta a posibilidade de abastecer con cisternas en casos, porque como siga así o verán como foi o inverno, vamos pasalo moi mal.*

**Sr. Alcalde:** *Moi ben, moitas gracias a todos. Antes de levantar a sesión, se hai algunha intervención do público asistente que quere estreir..., unha estrea triste creo, pola aptitude dalgún dos grupos políticos que, desde logo, non saben ou creo que non saben o lugar que representamos todos, pero se algún membro do público quere facer algunha pregunta. Se non hai ningunha intervención por parte do público asistente, procederemos a levantar a sesión. Moi boa noite a todos.*

\*\*\*\*\*

Non habendo máis intervencións por parte dos Concelleiros, nin por parte do público asistente, levántase a sesión ás vinte e unha horas e quince minutos.

A Estrada, 12 de abril de 2012

O SECRETARIO,

Asdo.: José Naveira González